

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

Expediente de contratación nº: AL-CEI-201/2024

Obxecto do contrato: Aluguer do local 201 do Edificio CEI do Parque Tecnológico de Galicia

Mesa de contratación:

Presidente: Javier Taibo Gallego, Director Xerente de Parque Tecnológico de Galicia S.A.

Presidenta suplente: Sabela Bouzo Estévez, do Departamento de Proxectos

Secretaria: Noemi Lorenzo Carbajales, persoal do Departamento de Administración

Secretaria suplente: Isabel Soto Amigo, persoal do Departamento de Administración

Vogais:

- M^a Luisa Pena Nieto, directora de Administración e Finanzas
- Antonio Gómez Méndez, responsable do Departamento de Servizos Xerais

Vogais suplentes:

- Beatriz Monfort Liniers, do Departamento de Proxectos
- Beatriz González-Tejada Jácome, do Departamento de Proxectos
- Digna Pérez Saavedra, do Departamento de Administración
- Edita Araceli Alonso Correa, do Departamento de Administración

Características do procedemento:

Procedemento de adxudicación: aberto

Data de publicación do anuncio: 08/02/2024

Data de apertura das proposicións: 10/07/2024

Primeiro.- OFERTAS PRESENTADAS

Presentouse en prazo unha única proposición, da entidade XANELUM S.L.

Segundo.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

O único criterio de valoración que establece o Prego é o do prezo, adxudicándose á proposta que cumprindo os criterios de admisión achegue o prezo maior, tal e como se transcribe a continuación:

“O contrato adxudicarase a aquela oferta cuxo importe sexa maior sempre e cando alcance o Prezo base de licitación indicado no punto 5.1 do cadro de características do presente Prego.

Serán excluídas as propostas de entidades aquelas que non cumpran os criterios de admisión do Parque Tecnológico de Galicia que se describen no Anexo II.

En caso de que dúas ofertas presenten o mesmo prezo o contrato adxudicarase por sorteo.

En caso de que o concurso se declare deserto, PTC, S.A. poderá proceder á adxudicación directa do contrato de aluguer durante o ano posterior á declaración de deserto..”

Terceiro.- VALORACIÓN DA OFERTA ADMITIDA

A Mesa de contratación comprobou que a única oferta presentada cumpre os requisitos e que propón un prezo superior ao prezo base de licitación, polo que a oferta presentada por XANELUM, S.L. foi admitida.

Cuarto.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

En vista da única proposta presentada e comprobado que cumpre cos requisitos establecidos nos correspondentes Pregos, a Mesa acordou propoñer a adxudicación do contrato para o aluguer do local 15 do edificio CEI do Parque Tecnológico de Galicia, expediente AL-CEI-15/2022, a XANELUM S.L.

Quinto.-

En data 10 de xullo de 2024 comunicóuselle a XANELUM S.L. a proposta de resolución de adxudicación ao seu favor e déuselle o prazo de 10 días hábiles, para aportar a documentación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como aquela acreditativa de todos os extremos esixidos no prego e respecto dos que o licitador presentara unha declaración responsable, ademais de presentar a garantía definitiva correspondente en concepto de fianza por importe de dúas mensualidades de aluguer, IVE excluído.

Dentro do prazo estipulado a empresa procedeu a entregar a documentación requirida.

En base a todo o anterior, o Órgano de Contratación,

RESOLVE:

- 1) Adxudicar a XANELUM S.L. con NIF B04962171 o aluguer do local 201 do edificio CEI do Parque Tecnológico de Galicia, expediente AL-CEI-201/2024, conforme á súa oferta económica, por un importe de 121 €/mes, IVE non incluído, con suxección ás condicións do Prego de Cláusulas Económico-Administrativas e Técnicas que rexen a presente contratación.
- 2) Publicar esta adxudicación no Perfil do Contratante da web www.tecnopole.gal e notificar esta adxudicación á adxudicataria e única licitadora.
- 3) Formalizar o correspondente contrato dentro dos prazos establecidos, logo da notificación desta resolución á licitadora.

En San Cibrao das Viñas, 12 de xullo de 2024.

O DOCUMENTO ORIXINAL ESTÁ ASINADO EN DATA 12/07/2024

Asdo. Margarita Ardao Rodríguez

Representante do órgano de contratación de Parque Tecnológico de Galicia S.A.